



## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AOS RECORTES EDUCATIVOS NOS IES DA CIDADE**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Ferrol, ao abeiro do establecido, entre outros, no artigo 46 do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte **MOCIÓN DE URXENCIA**.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado mércores 24 de xullo o consello escolar do **IES Ferrol Vello** fixo público a decisión da Xunta de Galiza de recortar dous docentes do actual cadro de persoal do centro, reducindo de 20 a 18 docentes a previsión de profesorado para o curso 2024-2025.

Esta decisión non ten ningunha xustificación, se ademais temos en conta que o IES Ferrol Vello manterá o mesmo número de unidades que o curso pasado supoñendo unha redución significativa da oferta educativa do centro e que por tanto só se xustifica pola política de recortes no ensino público que o PP leva aplicando ao longo dos últimos anos.

Así mesmo, o **IES de Canido** vive unha situación similar. A Consellería de Educación recortou dous docentes, neste centro mentres que se manteñen as mesmas unidades que o curso pasado e ten previsto un novo programa de atención á diversidade.

A Xunta de Galiza está a actuar dun modo inaceptable atrasando cada vez máis a adjudicación das vacantes nos centros educativos, aproveitando o período estival para actuar sen a mínima das transparencias, con nocturnidade e alevosía e deixando aos centros indefensos e sen tempo para poder reclamar vacantes en función das súas necesidades, e permitindo que a Consellaría de Educación conte cada vez con máis capacidade para impoñer os seus recortes de xeito unilateral.

O BNG de Ferrol lembra, ademais, que o centro de Ferrol Vello leva reivindicando a dotación dun equipamento básico para poder desenvolver a súa actividade educativa con normalidade como é un pavillón cuberto que evite ter que desprazar aos alumnos e alumnas até as instalacións de FIMO para impartir as aulas de Educación Física.

Un feito que fai aínda máis grave a decisión da Xunta de Galiza que no canto de facilitar os medios necesarios para a práctica docente fai xustamente o contrario e recorta recursos, neste caso docentes, comprometendo a posibilidade de ofrecer ao alumnado unha educación de calidade nos termos que establece a normativa vixente.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. O pleno do concello de Ferrol censura a política de recortes no ensino público desenvolvida recorrentemente pola Xunta de Galiza na cidade e exige á Xunta de Galiza o mantemento do actual número de 20 docentes no IES Ferrol Vello e os 33 do IES de Canido.

2. O pleno do concello de Ferrol exige do goberno local a convocatoria urxente do Consello Escolar municipal co obxecto de abordar esta problemática e adoptar as medidas necesarias para recuperar o profesorado eliminado e non contribuír á precarización do ensino público.

Ferrol 29 de xullo de 2024

Iván Rivas Rico  
Portavoz Municipal do BNG

**ALCALDE DO CONCELLO DE FERROL**